



## Acta da reunión do xurado do Premio de tradución Plácido Castro 2014 Pontevedra, 3 de xuño de 2015

Reúnese na sede do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, o 3 de xuño de 2015 o xurado do Premio de Tradución Plácido Castro na súa décimo cuarta convocatoria, correspondente ó ano 2014.

O xurado está composto polos seguintes membros: Sr<sup>a</sup>. D<sup>a</sup>. Jesusa Castro Sineiro (Fundación Plácido Castro), Sr. D. Carlos Arias Iglesias (Xunta de Galicia), Sr<sup>a</sup>. D<sup>a</sup>. Camiño Noia Campos (Asociación de Tradutores Galegos), Sr. D. Xosé Antón Palacio (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), Sr. D. Antón Santamarina (Real Academia Galega) e Sr. D. Xulio Ríos Paredes (Director do IGADI), quen actúa en calidade de Secretario do xurado, con voz pero sen voto.

O obxectivo deste premio é destaca-la calidade das traducións dos clásicos da literatura universal que a Biblioteca Virtual BIVIR publica periodicamente na súa páxina web <http://www.bivir.com> nunha iniciativa que pretende a un tempo colaborar no proceso de normalización da lingua do país e contribuír a enriquece-lo universo literario galego mediante a versión dos autores consagrados que escribiron noutras linguas.

Sendo que as bases da convocatoria do premio indican que no fallo do xurado se terán en conta a calidade da tradución galega, a relevancia para o noso sistema cultural da obra traducida, as dificultades intrínsecas da lingua de partida e a súa distancia cultural e a envergadura do proxecto de tradución, o xurado, tras as súas deliberacións, acorda:

1. Expresa-la súa satisfacción polo número de traducións presentadas, un total de catorce nesta edición.
2. Outorgarlle o premio Plácido Castro 2014 ex aequo á tradutora **Mona Imai** pola obra *Botchan*, de Natsume Soseki; e mais a **Alejandro Tobar**, pola súa tradución *O forasteiro misterioso*, de Mark Twain.
3. O xurado sinala, no caso da tradución de Mona Imai, a sutileza e a capacidade para traer para o galego unha obra creada nunha cultura distante como a xaponesa, e tamén, no caso de Alejandro Tobar, a viveza do estilo e a naturalidade da lingua que leva a un pracer lector certamente estimable.

E para que así conste, asíñase a presente en Pontevedra, a 3 de xuño de 2015.

Xulio Ríos

Susi Castro

Camiño Noia

Xosé Antonio Palacio

Carlos Arias Iglesias

Antón Santamarina